



XXVI XORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA
Vedra • 2022

FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

■ No Centro de Emprendemento A Estación xa contamos cunha primeira selección de emprendedores/as e empresas.

En calquera caso, se es de Vedra ou traballas aquí, tes prioridade para beneficiarte do proxecto impulsado dende o Concello. Non dubides en contactar con nós.

PROCESO DE SELECCIÓN 2022

O Concello de Vedra abriu o proceso de selección de proxectos de **emprendedor@s**, **profesionais** ou **empresas** para o Centro de Emprendemento "A Estación", en Santa Cruz de Ribadulla. Contamos cun **servizo presencial e personalizado de asesoramento, consultaría e tutoría**, orientado á posta en marcha, seguimento e aceleración de ideas, negocios e empresas.

Cada proxecto seleccionado entrará nun **programa gratuíto** de asesoramento individualizado e grupal articulado en sesións de avaliación, capacitación e acompañamento, que incluírán aspectos de orientación de mercado, desenvolvemento

de produto ou servizo, plan de negocio, mercadotecnia, financiamento ou aspectos de xestión xeral.

Información e inscricións: (web) <http://aestacionvedra.gal>; (teléfono) 981 512 244; (correo-e) aestacion@concellodevedra.com.

■ Paralelamente damos comezo ao noso plan de formación 2022

onde imos impulsar cursos gratuítos abertos á cidadanía.

Cada mes iremos indicando os cursos previstos para o mes en curso e o seguinte.

A continuación indicamos a programación prevista para os meses de febreiro e marzo, aberta ao público en xeral.

A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO

febreiro						
L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

marzo						
L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

PROGRAMA FORMATIVO 2022 (FEBREIRO-MARZO)

Curso	Nº horas	Horario
A MIÑA IDEA DE NEGOCIO É VIABLE?	10	10.30 a 14 horas
IMAXE PERSOAL: O VALOR DA IMAXE PROPIA NOS NEGOCIOS	10	10.30 a 14 horas
XESTIÓN DE TEMPOS E TAREFAS NA VIDA PROFESIONAL	10	10.30 a 14 horas
COMO TOMAR DECISIÓNS NA VIDA PROFESIONAL?	10	10.30 a 14 horas
COMPETENCIAS BÁSICAS PARA O MUNDO LABORAL	20	16.30 a 20.30 horas
SISTEMAS DE CALIDADE PRÁCTICOS PARA NEGOCIOS	10	10.30 a 14 horas
ENTRÉNATE PARA EMPRENDER	20	16.30 a 20 horas

Información detallada e inscricións no tfno. 981 51 22 44 ou en aestacion@concellodevedra.com
Cursos abertos a todo o público. Terán prioridade as persoas ou empresas residentes en Vedra
Nº de prazas por curso: 12



Toda a información na súa páxina
de Facebook @AEstaciónVedra



Obradoiro artístico de Nadal na Casa das Artes con Lupe García Cabal.



Ludonadal de Vedra.



Actuación do Grupo Detrés durante a recepción dos Reis Magos en Vedra.



Visita dos Reis Magos á Nave da Estación de Vedra.



Visita da Asociación A Creba de Saúde Mental de Ribeira a Vedra.



Presenza de Vedra co Camiño de Inverno en Fitur 2022.



Presenza de Vedra co GDR en FITUR 2022.

CONVOCATORIAS ABERTAS DE SUBVENCIÓN.

■ A Xunta de Galicia, vén de publicar varias axudas para o ano 2022, entre as que compre destacar:

VIVENDA:

1.- Subvencións para proxectos de biomasa destinadas a particulares, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (códigos de procedemento IN421N e IN421P). https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220118/AnuncioG0474-271221-0001_gl.html

O prazo de presentación de solicitudes: do 1 de marzo de 2022 ás 9.00 horas ata o 1 de xullo de 2022 ou cando se esgoten os fondos. Máis información: 981 541 500 ou inega.info@xunta.gal.

2.- Axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas (código de procedemento MT402A). https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220119/AnuncioG0192-221221-0002_gl.html

Fin do prazo de solicitude: 21 de febreiro de 2022. Máis información: 981 541 755.

MEDIO RURAL:

1.- Axudas para prevención de danos causados polo lobo, oso e xabaril (código de procedemento MT809D).

1.1. Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo e o oso.

1.2. Liña para prevención de danos ocasionados polo xabaril:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220120/AnuncioG0532-271221-0002_gl.html.

Fin do prazo de solicitude: 21 de febreiro de 2022.

Máis información: 981 957 106 ou dxcn@xunta.es.

PROMOCIÓN ECONÓMICA

1.- Subvencións para proxectos de inversión en actividades non agrícolas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR708A). https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220125/AnuncioO90-301221-0001_es.html

O prazo para presentar as solicitudes de axuda será de un (1) mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Máis información: 981 547 382.

VICEPRESIDENCIA

PR487A - **Subvencións en réxime de concorrencia competitiva dentro do plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.** Prazo de presentación: dende o 15/01/2022 ata o 14/02/2022.

Cultura

23 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA

■ O Goberno galego e as entidades culturais e educativas, acordaron adiantar a efeméride, que ata o de agora se celebraba o 24 de febreiro, data do bautismo da autora de Follas Novas. Este cambio produciuse despois de que a investigadora galega Sagrario Abelleira revelase o pasado ano nova documentación que acredita a data de nacemento real nese día.



Dende o concello convidamos á sociedade vedresa a renderlle homenaxe a Rosalía no seu día e en todos os demais lendo e poñendo en valor a súa obra. Lembra-

mos que Vedra é un dos concellos Mecenaz da Casa de Rosalía en virtude dun convenio de colaboración coa Fundación Rosalía de Castro. En virtude deste convenio anual, tanto os escolares do municipio como as asociacións culturais poden ter visitas guiadas de balde á Casa de Rosalía. Vedra mantén o seu compromiso histórico con esta institución, dado que xa apoiara economicamente en 1971 cunha doazón de 500 pesetas para a posta en marcha da Casa-Museo. Ao longo do mes de febreiro difundiremos as accións relacionadas con esta conmemoración. Finalmente no Pleno do 26 de xaneiro de 2022, e a iniciativa do BNG, aprobouse por unanimidade de todos os grupos políticos, adicar de forma permanente o mes de febreiro a Rosalía.

VOLVEN AS XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA COAS SEGUINTE MOSTRAS...

■ **TRABALLO ORNAMENTAL CON CAMELIA:** Elabora-do polas asociacións e colectivos parroquiais. Contando coa orixinalidade creárase un colorido escaparate que terá como protagonista esta flor. Nesta edición, ademais, contaremos coa colaboración e participación de FAGAARTE (Federación de Asociacións de Afombristas Galegos de Arte Efémera).

■ **MOSTRA DE FLOR:** Todas as persoas participantes contarán cun espazo para decorar coas súas camelias. Poderán participar todas as persoas interesadas, tanto profesionais como afeccionadas que se inscriban ata o 25 de febreiro. A inscrición nesta mostra podes realizala na páxina web municipal. Toda a información, consultas e dúbidas no teléfono 981814691 ou en cultura@concellodevedra.com.

■ **22º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA:** Mostra dos traballos presentados nesta edición.

VI MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA (CDM VÉRTICE)

■ Máis información en Iniciativas Asociativas.

XI BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA (RIBADOULLA)

XI BTT
CICLOTURISTA
DA CAMELIA
POLO VAL DO ULLA
13 DE FEBREIRO 2022

RUTA ANCA 60 KM
RIBADOULLA 81 KM
RIBADOULLA 830 AM
LÍMITE PRAZAS 350
RECOLLEDA DORSINS 8:00 AM
INSCRIPCIÓN 10€
BTT CAMELIA GALITIMING.COM
SAÍDA VELODROMO DE VEDRA
NOVO TRAZADO
SINALIZADA E GPS

CONCELO de Vedra
Ribadulla
NORDESIA
VIA DE PARADA
J. ALVILA, S.L.
FAGARTE

PROGRAMACIÓN DAS XXVI XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

XXVI XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA
Vedra • 2022

PROGRAMACIÓN

- 6 Domingo Febreiro VI MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA (CDM VÉRTICE)
- 13 Domingo Febreiro XI BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA (RIBADOULLA)
- 19 Sábado Febreiro ESPECTÁCULO FAMILIAR-CONCERTO "As miñas mans" de Pablo Díaz A Duo
- 24 Xoves Febreiro PLANTACIÓN CONMEMORATIVA DE CAMELIAS NOS CENTROS EDUCATIVOS DE VEDRA
- 26 Sábado Febreiro VISITA TEATRALIZADA AO PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADOULLA "Camiñando entre camelias co Tío Iván" (VII Marqués de Santa Cruz de Ribadulla)
MESA DE EXPERIENCIAS: TRABALLOS ORNAMENTAIS CON ARTE EFÉMERO (FAGAARTE)
- 27 Domingo Febreiro VISITA TEATRALIZADA AO PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADOULLA "Camiñando entre camelias co Tío Iván" (VII Marqués de Santa Cruz de Ribadulla)
APERTURA DA EXPOSICIÓN DA CAMELIA
ACTUACIÓN DO GRUPO DE REQUINTEIROS A GAITA DE SARANDÓN
ESPECTÁCULO DE RÚA FAMILIAR "A Tropa do Doutor Milagre"
ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA
ATRANQUE INFANTIL DOS XENERAIS E CORREOS
- 12 Sábado Marzo CURSO DE PODA, REPRODUCCIÓN E NOVAS VARIEDADES DE CAMELIA

Máis información no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.

Concello de Vedra Xacobeo 21-22 XUNTA DE GALICIA

22º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

XXVI XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA
22º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

BASES DO CONCURSO

- 1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Haberá 3 categorías:
A: de 3 a 6 anos.
B: de 7 a 9 anos.
C: de 10 a 12 anos.
- 2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina rixida ou material similar e en tamaño A4.
- 3º O tema será "A Camelia".
- 4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, rotulacións, lapis de cores, etc.
- 5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.
- 6º Os traballos terán que entregarse antes do 21 de febreiro no teu colexio (se estás matriculado nalgún dos centros escolares de Vedra) ou na Casa do Concello no seguinte enderezo:
- 7º O xurado estará formado por membros do Concello de Vedra e persoas vinculadas ao mundo das artes. O fallo darase a coñecer o 26 de febreiro e publicárase na páxina web do Concello www.concellodevedra.com.
- 8º Haberá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.
- 9º Todos os traballos presentados ao concurso serán expostos.
- 10º A entrega de premios ás persoas gañadoras será o 6 de marzo.
- 11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integramente as bases deste concurso.
- 12º A organización resérvase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.

Concello de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)

Concello de Vedra Xacobeo 21-22 XUNTA DE GALICIA

XXVI Xornadas Arredor da Camelia

ESPECTÁCULO FAMILIAR- CONCERTO DE PABLO DÍAZ A DÚO




ESPECTÁCULO FAMILIAR-CONCERTO
"AS MIÑAS MANS"
PABLO DÍAZ A DÚO

19 DE FEBREIRO AS 18:30 h.
Centro Sociocultural de Vedra

(Emerxe Ulla - Secretaría Xeral de Política Lingüística)



Máis información no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.



VISITA TEATRALIZADA AO PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA



Visita teatralizada ao
PAZO DE
SANTA CRUZ
DE RIBADULLA

Camiñando entre camelias
co Tío Iván"
(VII Marqués de Santa Cruz de Ribadulla)

26 DE FEBREIRO AS 16:00 h.
27 DE FEBREIRO AS 11:30 h.

Prezo: 10 €
Inscripción en www.concellovedra.com
Praza limitadas



Máis información no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.



MESA DE EXPERIENCIAS: TRABALLOS ORNAMENTAIS CON ARTE EFÉMERO



MESA DE EXPERIENCIAS:
TRABALLOS ORNAMENTAIS
CON ARTE EFÉMERO

Intervén:
Manuel Alonso Lorient
Presidente da Federación de Asociacións
de Alfombristas Galegos de
Arte Efémere - FAGAARTE

26 DE FEBREIRO AS 19:00 h.
Centro de Emprendemento A Estación



Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra,
en cultura@concellovedra.com ou no teléfono 981 814 691.



XXVI XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA. PROGRAMACIÓN 27 DE FEBREIRO



XXVI XORNADAS ARREDOR DA
CAMELIA
27 de febreiro de 2022

12:00 h. APERTURA DA EXPOSICIÓN DA CAMELIA
ACTUACIÓN DO GRUPO DE
REQUINTEIROS
A GAITA DE SARANDÓN
ENTREGA DE PREMIOS E
AGASALLOS DE PARTICIPACIÓN
PARA AS MOSTRAS DE FLOR E
ORNAMENTACIÓN CON CAMELIA


17:00 h. ESPECTÁCULO DE RÚA FAMILIAR
"A TROPA DO DOUTOR
MILAGRE"
De Inventi Teatro

18:00 h. ENTREGA DE PREMIOS
DO CONCURSO DE
PINTURA INFANTIL
DA CAMELIA

18:30 h. ATRANQUE INFANTIL
DOS XENERAIS
E CORREOS



Máis información no Departamento de Cultura do Concello de Vedra ou no teléfono 981 814 691.



CURSO DE PODA, REPRODUCCIÓN E NOVAS VARIEDADES DE CAMELIA



CURSO DE
PODA, REPRODUCCIÓN
E NOVAS VARIEDADES
DE CAMELIA

Imparte:
Eusebio López Redondo
Enxeñeiro Técnico Agrícola
Viveirista e produtor de camelia
de colección

12 DE MARZO DE 10:00 A 13:00 h.
Centro de Emprendemento A Estación



Máis información e inscricións no Departamento de Cultura do Concello de Vedra,
en cultura@concellovedra.com ou no teléfono 981 814 691. PRAZAS LIMITADAS



SOBES AO BUS DO TEATRO?

■ Dende o Concello de Vedra será doado ir ver a última obra de teatro do Centro Dramático Galego.

Inscripcións no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.com ou no teléfono 981814691. **Aberto o prazo ata o 18 de febreiro.**

UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

APESTE
Inspirada na novela de Albert Camus
dirección e dramaturgia Cándido Pazó

Escritores: Calvo | César Cambre | Nacho Castaño | Xosé Cortés
Salvador del Río | Cecilia G. Alférez | Pedro Grams | Luis Iglesias
Miquel Insa | Tonia Martínez | Rebecca Montero | Marcos Orti
María Roca | Santi Romay | Carlos Sante

SALÓN TEATRO
SANTOAGO DE COMPOSTELA

SOBES AO AUTOBÚS DO TEATRO?
PROGRAMA DE MOBILIDADE DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

DATA: 25 de febreiro
HORA DE SAÍDA: 18:30h.
LUGAR DE SAÍDA: CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA
HORA DE REGRESO: 23:00h.
ENTRADA: 6€

*Obrigatorio presentar o certificado COVID

Máis información e inscricións:
981 81 46 91 / cultura@concellodevedra.com

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2122

ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS

■ No mes de febreiro iníciase o 2º cuadrimestre nas actividades deportivas municipais (tanto as escolares como as destinadas a persoas adultas).

Para consultas sobre as prazas dispoñibles escribe a deportesvedra@outlook.es



Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE PRAZO EXTRAORDINARIO DE MATRÍCULA NAS ACTIVIDADES

■ De cara a dar resposta aos propósitos do novo ano, abrimos un prazo extraordinario de matrícula durante o mes de febreiro. Deste xeito, preténdense cubrir as prazas libres naquelas actividades nas que aínda hai dispoñibilidade.

PROGRAMA:

■ Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias: de luns a venres de 10:00 a 13:00 h. AGADEA.

CURSOS:

■ Ximnasia de maiores: os luns e mércores de 17:10 a 18:10 h. (grupo I), de 18:10 a 19:10 h. (grupo II) e de 19:10 a 20:10 h. (grupo III).

■ Traballo corporal: os martes de 19:15 a 20:15 h.

■ Obradoiro de memoria: os xoves de 17:00 a 18:30 h.



■ Canto-Coral: os venres de 19:30 a 21:00 h.

OUTRAS PROPOSTAS:

■ Bailoterapia: os xoves de 19:00 a 20:00 h.

■ Hipopresivos: os venres de 18:00 a 19:00 h.

■ Laborterapia: pintura en roupa, trapillo e outros... Agrupación "Nas máns da avoa". os martes de 18:00 a 20:00 h. Gratuito.

■ Obradoiro de teatro: os mércores de 20:15 a 21:30 h.

Para máis información: no Centro Sociocultural ou nos Tel: 981 814 695 – 981 814 693

Informamos que a cafetería do Centro Sociocultural está aberta de luns a venres en horario de 17:00 a 21:00 h.

LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para meternos de cheo no entroido e desfrutar. Así mesmo, comezaremos a viaxar polo tempo e descubrir distintas historias, a través da máquina do tempo; a educación en valores, a igualdade, unha oportunidade para transformar a sociedade. Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Pase de disfraces de Entroido
- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos : "o profesor chiflado"
- "Experimentos divertidos" "O volcán"
- Coñecendo os dinosaurios

- Plastihistoria
- "Mr. Manitas": O Entroido
- Obradoiro musical
- A máquina do tempo

Os días de entroido non lectivos a Ludoteca abrirá de 8.30h a 14.30 h.

Para calquera información poñerse en contacto no telf.699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello
de Vedra

Muller

NOVO OBRADOIRO "MULLERES + 2022"

■ *Programa da promoción do "empoderamento persoal" e "auto-coidado" para mulleres no concello de Vedra.*

Cando nos achegamos ao mundo das TIC e a da inserción no mercado laboral nun concello rural como o noso, a perspectiva de xénero permite darnos conta que a situación e posición das mulleres e dos homes non é a mesma. Unha correcta análise de xénero fainos decatarnos das evidentes brechas de xénero tanto para o acceso ao mercado laboral coma na xestión de actividades na vida cotiá en canto ao referente ao emprego das TIC.

O tipo de capacitación que propón Mulleres+ vai encamiñada a achegar ás mulleres ao universo das novas tecnoloxías e ao descubrimento das súas posibilidades, o que reduce o medo e a desconfianza que estes instrumentos aínda xeran. Para iso é necesario realizar un esforzo formativo que

mostre o lado máis amable e máis útil das novas tecnoloxías, tratando de reducir a imaxe de elementos complexos e destinados a un público moi específico, e normalmente masculino, en favor dunha concepción práctica das mesmas que permita avanzar no apoderamento das mulleres.

Coñecementos básicos no uso das TIC.

As participantes adquirirán coñecementos básicos e habilidades metodolóxicas no uso do computador e os seus compoñentes básicos, o uso dalgunhas aplicacións móbiles e as principais utilidades da internet.

Coñecementos teóricos e habilidades metodolóxicas para promover a inclusión dixital.

- "Empoderamento" e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, etc.) e de participa-



ción nas redes sociais (facebook, twitter, instagram, pinterest, etc.).

- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogs).
- E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais...

• Mellorar a posición de mulleres no acceso ao mercado laboral e ao sector tecnolóxico e dixital, mediante unha capacitación en TIC.

• Ofrecer asesoramento e acompañamento personalizado ás participantes para que poidan propoñerse e acadar obxectivos persoais (formativos, laborais...)

O obradoiro desenvolverase en distintos horarios para facilitar a participación a través de **actividades grupais e individuais de "coaching"**. O departamento de igualdade do

Concello quere pór en marcha unha nova acción formativa. Nesta ocasión, trátase do Programa Mulleres+, que dará comezo en marzo de 2022.

Estas accións formativas están para que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, de idiomas ou doutras ferramentas que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral.

Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este obradoiro formativo.

O prazo de inscrición estará aberto dende o 1 de febreiro ata o 28 do mesmo mes.

O CURSO É GRATUITO. A folla de inscrición estará dispoñible no concello e na páxina web.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com ou no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693 en horario de 9:00 a 14:00 h.

E EN MARZO... VEDRA É MULLER!!

■ Se tes algunha iniciativa, idea ou proposta para conmemorar o Día da Muller Traballadora.

Non o dubides e chama ao 981 814 691 ou escribe a cultura@concellodevedra.com

Iniciativas Asociativas

VI MARATÓN POR MONTAÑA A CAMELIA DO CDM VÉRTICE

- 5 de febreiro de 2022
 - **Cronoescalada:** Gran Premio Galitiming Subida ao Pico Sacro 3,2 km / 385 m de desnivel positivo
- 6 de febreiro de 2022
 - **Trail:** 14 km / 370 m de desnivel positivo
 - **Andaina:** 14 km / 370 m de desnivel positivo
 - **Maratón** 42 km / 1900 m de desnivel positivo



Inscricións: <https://clubvertice.es/a-camelia/>

VIAXE Á NEVE A SAN ISIDRO CON ACUXUVE

VIAXE Á NEVE A SAN ISIDRO 2022

PREZO: 140 €

11-12-13 DE MARZO

ABERTO A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS MAIORES DE IDADE (MENORES ACOMPAÑADOS)

INSCRICIÓN:
ATA O 28 DE FEBREIRO EN
ACUXUVE@GMAIL.COM
981814691
619520793

INCLÚE:
- 2 NOITES EN APARTAMENTOS "TONEO" A PÉ DE PISTAS (ALMOZOS, COMIDAS E CEAS SERÁN POR CONTA DE CADA UN)
- 2 DÍAS DE FORTRAIT
- TRANSPORTE (CON DESPRAZAMENTOS A PISTAS)
- SEGURO DE ACCIDENTES

OPCIONAL:
- ALUGUER EQUIPAMENTO DE ESQUÍ 2 DÍAS (ESQUÍS, BOTAS, BASTÓNS): 26 €
- ALUGUER EQUIPAMENTO SNOW 2 DÍAS (TABLA, BOTAS): 36 €
- CLASES DE 2 HORAS SÁBADO E DOMINGO: 22 €

acuxuve Concello de Vedra

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.